

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS UNIVERSIDADES DA CORUÑA, SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIGO PARA O COFINANCIAMENTO DAS AXUDAS JUAN DE LA CIERVA (convocatoria Ministerio de Ciencia e Innovación de 2021).

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades,

DECLARA:

Que a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería) ten previsto formalizar coas universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVigo) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se poidan atender accións realizadas desde a contratación efectiva do persoal seleccionado.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería, a UDC, a USC e a UVigo para executar accións destinadas a fomentar a captación do persoal de investigación cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador nas universidades galegas. En concreto, trátase de que a Consellería colabore cunha achega económica anual por cada persoa investigadora contratada de ata 5000 € para as axudas Juan de la Cierva-formación (en diante JC-F) que a UDC, a USC e a UVigo deberán destinar para afrontar o gasto que supón a contratación de persoal investigador no marco das axudas Juan de la Cierva, concedidas pola Resolución do 16 de novembro de 2022 da Presidencia da Agencia Estatal de Investigación (convocatoria correspondente ao ano 2021), no marco do Plan estatal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que a actuación Juan de la Cierva é un instrumento de arraigo dentro das políticas de incorporación dos recursos humanos ao sistema de I+D+i, que pode ser utilizado para a execución de actuacións que as comunidades autónomas adopten en base os seus propios programas específicos, atendendo ao cumprimento dos





obxectivos establecidos na Estratexia española de ciencia-tecnoloxía e de innovación con relación á articulación que debe existir entre o programa estatal e os programas rexionais. Estas circunstancias xustifican a posibilidade de conveniar coas tres universidades para esta finalidade.

De acordo co establecido no artigo 36 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, neste convenio concorren razóns de interese que non fan necesaria a convocatoria pública da axuda, xa que a totalidade do persoal investigador contratado está polas universidades do SUG que participaron na convocatoria pública correspondente ás axudas JC-F 2021 para a concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

